



Concello de Vigo
Secretaría do Goberno Local
Expte. 782/1102

RESOLUCIÓN

Por Resolución desta Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

Realizada a reunión constitutiva do Comité na mesma data, propuxéronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados municipais, partindo das recomendacións efectuadas polas autoridades administrativas sanitarias.

No exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

RESOLVO:

Primeiro.- Acordar a suspensión de todos os actos públicos organizados polo Concello e actividades e programas municipais dirixidos ao público en xeral, que non teñan carácter asistencial básico, aos que se lles dará publicidade na web municipal.

Segundo.- Acordar o peche ao público de todas as instalacións municipais. Relaciónanse en Anexo á presente resolución, sen carácter exhaustivo, as principais instalacións afectadas, sen prexuízo da actualización de dito listado na web municipal.

Terceiro.- Analizar as posibilidades de suspender ou ampliar os prazos de tramitación administrativa nos termos legalmente establecidos.

Cuarto.- Posibilitar sistemas de traballo non presenciais naqueles supostos xustificadas polas características e natureza dos postos, así como en base ás situacións de conciliación persoal ou familiar que o aconsellen; o acollemento ao réxime de flexibilidade horaria, e de ser o caso, as reorganizacións do traballo que resulten precisas. Estas medidas adoptaranse pola Concellería Dda. de Organización municipal, a proposta de cada área de goberno.

Quinto.- Habilitar os mecanismos excepcionais necesarios previstos legalmente para dotar ao Concello dos recursos adicionais precisos para facer fronte ás necesidades derivadas desta situación.

Sexto.- Instar dos contratistas municipais a adopción das medidas precisas para mitigar o risco de contaxio do coronavirus Covid19.



Sétimo.- As medidas establecidas no presente acordo manteranse ata o día 29 de marzo, incluído, sen prexuízo da ampliación de dito prazo cando así o aconselle a situación existente, así como da súa modificación ou adopción de novas medidas como resultado do seguimento continuo ao que quedan sometidas.

Sétimo.- Dar publicidade á presente resolución e notificar aos servizos e áreas afectados para garantir o seu cumprimento.
CCA/rs.

Data de sinatura dixital

O ALCALDE-PRESIDENTE- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ.
Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-Mª CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

ANEXO. Relación de instalacións municipais afectadas polo peche temporal de actividade ao público

I. CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1. 1. BIBLIOTECAS.

- Biblioteca Neira Vilas
- Fundación Penzol
- Biblioteca Juan Compañel

1.2. MUSEOS.

- Casa das Artes
+ Arquivo Pacheco
+ Fundación Laxeiro
- Casa Galega da Cultura
- Verbum
- Museo Quiñones de León
- Pinacoteca Francisco Fernández del Riego
- Museo Liste
- Fundación MARCO

1.3. AUDITORIOS.

- Auditorio Municipal de Vigo
- Auditorio Mar de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/03/2020 09:08

Páxina 2 de 4

Expediente 782/1102

CSV: 23E6EH-3347DA-3A51CD-9AWBXE-4AFY4-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Secretaría do Goberno Local
Expte. 782/1102

II. EMPREGO.

- Centro de Iniciativas de Emprego
- Parque Central
- Centro Sociocultural de Valladares
- Centro de Emprego de Ríos-Teis
- Aula CeMIT

III. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- Centro Municipal de Bouzas
- Centro Municipal do Casco Vello
- Centro Municipal de Coruxo
- Centro Municipal de Saians
- Centro Municipal de Teis

IV.- EDUCACIÓN

- As seguintes Escolas Infantís Municipais: Santa Cristina, Atalia, Santa Marta, Costeira, Tomás Alonso, Bouzas, Mestres Goldar, Navia
- As Escolas Municipais de Teatro, de Música, de Danza, de Música Tradicional e Folk
- Escuela Municipal de Artes e Oficios
- Salas de Lectura de Mar de Vigo e de Navia

V.- XUVENTUDE

- Casa da Xuventude
- Pavillón de Coia
- Ludotecas nas sedes de APAMP, CRAC Coruxo e AVDC de Lavadores.
- Centro de usos múltiples Vigosónico

VI.- MEDIO AMBIENTE

- Instalacións de VIGO ZOO A Madroa

VII.- IGUALDADE

- Centro de Documentación Feminista



- Casa das Mulleres

VIII.- TURISMO

- Oficina de turismo “Centro de interpretación de la ría” (CRV)

IX.- INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

- Os seguintes complexos deportivos municipais do Carme, de Teis, de Valladares, de As Travesas, de Samil, de ETEA, e de Navia
- Os pavillóns deportivos municipais de Berbés, Bouzas, Coia, Teis e Castrelos, Coruxo, Valladares, Bembrive, Lavadores, Carballal, Sárdoma e Candeán
- Campos de fútbol municipais do Monte da Mina, Bouzas, de Meixoeiro, San Andrés de Comesaña, Carballal, Candeán, A Guía (Teis), Sárdoma, Campo del Vao (Coruxo), do Fragoselo
- Pistas de Atletismo de Balaídos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/03/2020 09:08	Páxina 4 de 4
Expediente 782/1102	CSV: 23E6EH-3347DA-3A51CD-9AWBXE-4AFCY4-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		